

Curtos traxectos

A editorial tresCtres, dentro da súa colección “Céltigos I Narración”, acaba de sacar do prelo o libro *Traxectos curtos*, de Manuel Pereira Valcárcel, autor estradense afincado en Madrid onde traballa de mestre e desde onde vén colaborando con diversos ámbitos relacionados coa nosa escrita. Deste xeito, participou en libros colectivos, foi coordinador da edición *En tránsito. Antoloxía da poesía galega en Madrid* (2001); é colaborador en varias revistas e publicacións como *Encrucillada* ou *Luzes de Galiza*, foi gañador de varios premios e, en fin, anda a tecer un dilatado labor de escritor sobre todo como poeta.

Este seu *Traxectos curtos*, de metafórico título, é un volume de cento vinte e cinco páxinas constituído por doce relatos, ilustrados con fotografías do propio

Xentes en tránsito cotián



DORINDA CASTRO SOLIÑO



autor, e que teñen como eixo central a viaxe que os protagonistas dos mesmos realizan en autobús, metro,

tren, automóbil... e mesmo a pé. Trátase de escenas cotiás, de encontros e desencontros, de diálogos entres persoas coñecidas ou descoñecidas entre elas; xentes, entón, que van car a algún sitio concreto, ou cara a ningures, e que, en todo caso, teñen a súa fin —os relatos— rematando na propia viaxe, na próxima parada.

Ao longo destes textos, inzados de melancolía e certo sabor a ilusións e decepcións dunha xeración que agora se aproxima aos cincuenta

nos, o autor fai gala do seu saber literario e cinematográfico e aproveita para facernos saber as súas opinións e as súas reflexións sobre temas como a beleza, o amor, a morte, a adolescencia, a fuxida ou a permanencia, a escrita, o urbanismo, os paquetes turísticos de viaxes... en resumo: dos encantos, e tamén dos desencantos, do noso xeito actual de vivir.

Cada relato vai enmarcado cunha fotografía relacionada co medio de transporte e cuxa visión nos produce desolación e desacougo, e cun poema que funciona a modo de epílogo. Quizais resumen o espírito do libro estes versos que se escriben tras o relato “Unha semana despois”: “Viaxeiros afeitos a andar sobre o gume de/todas as fronteiras./Ir e vir. Deberes ou sonhos/o pasado convertido en equipaxes/un clamor de dúbidas e maletas/xentes en tránsito habitando o ruinoso edificio das fugas”.

PEREIRA VALCÁRCEL,
M., *Traxectos curtos*,
tresCtres Ed., Santa
Comba, 2005, 135 páxinas